

DIA DAS LETRAS GALEGAS

2016

MANUEL MARÍA FERNÁNDEZ TEIXEIRO
“MANUEL MARÍA”

GUIA DIDÁCTICA

BIOGRAFÍA

Manuel María Fernández Teixeiro, nado en Outeiro de Rei (Lugo) o 6 de outubro de 1929 e finado na Coruña o 8 de setembro de 2004, foi un poeta, narrador e dramaturgo recoñecido, de extensa obra e inquebrantable compromiso ca lingua galega.

No ano 1943, Manuel María trasladouse a vivir a Lugo, onde cursou o ensino secundario entre o Instituto Masculino e o colexio dos Maristas. Nesa altura entrou en contacto con personalidades como Uxío Novoneyra, Luis Pimentel, Celestino Fernández de la Vega, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Ricardo Carballo Calero e Aquilino Iglesia Alvariño.

Chegado o ano 1949, os seus versos virón por primeira vez a luz na revista de poesía Xistral, fundada por Pimentel. O seu primeiro libro tampouco tardou en chegar: Muiñeiro de brétemas publicouse en 1950, cando o autor contaba só 19 anos, o que o converteu no poeta máis novo que publicaba en galego na posguerra. Este primeiro poemario inaugurou a denominada “Escola de Tebra”.

No ano 1951 matricúlase en dereito na Universidade de Santiago de Compostela. Nesta época concibe o libro de poemas “Morrendo a cada intre”, publicada en 1952, ano no que na casa do director da publicación, Ramón González Alegre, onde coñece a Bernardino Graña e Xosé Luis Méndez Ferrín, ambos profesores do colexio Fingoi. Con este último mantería unha forte relación de amizade.

No ano 1953 volve a Lugo e un ano despois gaña os Xogos Florais de Ourense e coñece algún dos máis importantes intelectuais ourensáns: Cuevillas, Antón Tovar ou Vicente Risco. En 1957 acadou o título profesional de Procurador, que o levou a comenza o exercicio da súa profesión en Monforte de Lemos. En maio de 1959 casou con Saleta Goi García, a muller que o acompañou una maior parte dos seus proxectos e a quen o poeta quixo citar ao longo da súa obra. Con Saleta argallaría a colección Val de Lemos, onde virón a luz poemas de Luz Pozo, Carballo Calero, Pura Vázquez ou Cabanillas. No ano 1970, ambos os dous abriron en Monforte a librería “Xistral”, auténtico centro de dinamización cultural da vila.

Nos anos sesenta e setenta, Manuel María atende os chamamentos e peticións que lle chegan de toda a organización que, ao longo e ancho do país, andan a traballar pola recuperación cultural: desde impartir conferencias ou recitar poemas a presentar a Nova Canción Galega. A súa obra literaria.

A SÚA OBRA

Obras poéticas

- 1950, Muiñeiro de brétemas**
- 1952, Morrendo a cada intre**
- 1954, Terra Cha**
- 1954, Advento**
- 1957, Auto do taberneiro 4 ventos**
- 1958, documentos pessoais**
- 1960, Sermón para decir en cualquier tiempo (en castellano)**
- 1961, Auto do labrego. Céltiga, 4**
- 1962, Contos en cuarto creciente e outras prosas**
- 1963, Mar Maior**
- 1964, “A poesía galega de Celso Emilio Ferreiro”, Grial 6**
- 1965, “As augas van caudales”, Grial 9**
- 1966, “Os alugados”, Grial 14**
- 1967, “Raimon, poeta do noso tempo”, Grial 18**
- 1968, Proba documental**
- 1968, Os soños da gaiola**
- 1968, Barriga Verde**
- 1968, Noticia da vida e da poesía de Xosé Crecente Vega**
- 1969, Versos para un país de minifundios**
- 1969, Versos para cantar en feiras e romaxes**
- 1970, Remol**
- 1970, Cancións do lusco e fusco**
- 1971, A Rosalía**
- 1971, 99 poemas de Manuel María**
- 1971, O Xornaleiro a sete testemuñas máis**
- 1972, Odas nun tempo de paz e ledicia**
- 1973, Aldraxa contra a xistra**
- 1973, Informe para axudar a alcender unha cerilla**
- 1973, Laio e clamor pola Bretaña**
- 1973, Cantos rodados para aliados e colonizados**
- 1976, Poemas para construír unha patria**
- 1977, O libro das badaladas**
- 1977, Poemas ó outono**
- 1978, Catavento de neutrós domesticados**
- 1979, As rúas do vento ceibe**
- 1982, Escolam de poemas de Outeiro de Rei**
- 1982, Versos do lume e do vagalume**
- 1983, O camino é unha nostalxia**

1984, Cantigueiro do Orcellón
1984, a luz resuscitada
1986, Oráculos para cavaliños-do-demo
1986, Ritual para unha tribu capital do concello
1988, As lúcidas lúas de outono
1988, Sonetos ao Val Quiroga
1989, Saturno
1990, Cancioneiro de Monforte de Lemos
1991, Compendio de orvallos e incertezas
1991, Hinos para celebrar ao século futuro
1992, Panxoliñas
1993, Os lonxes do solpor
1993, Antoloxía poética
1993, A primavera de Venus
1993, Poemas a Compostela
1994, Cantigas e cantos de Pantón
1994, Poemas para dicirlle a dúas lagoas
1996, O Miño, canle de ñuz e néboa
1997, Sonetos á casa de Hortas
2000, Brétemas de muiñeiro
2000, Camiños de luz e sombra

Obras dramáticas

1957, Auto do taberneiro
1961, Auto do mariñeiro
1970, Barriga verde
1976, ynha vez foi o trebón
1979, Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela
1979, Auto trascendental do ensino tradicional
1979, Farsa de Bulubú

CURIOSIDADES

Presentou a Nova Canción Galega, sendo a poesía o seu xénero preferido, escribiu tamén ensaio, narrativa e teatro. Pasou dunha postura existencialista pesimista ao compromiso social e político.

No ano 1979 foi elixido concelleiro de Monforte de Lemos polo BNG, pero no 1985 abandonou o seu cargo, e sen deixar nunca a súa militancia política adicouse por completo a actividade literaria e cultural afincándose na Coruña.

Unha das últimas campañas nas que colaborou foi Burla Negra e na Plataforma Nunca Máis a raíz do desastre do Prestige.

O comité de estudiantado da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña conseguiu que a aula 1.1 pasase a chamarse aula “Manuel María” a partir do día 22 de outubro de 2008.

CARGOS

No ano 1979 foi elixido concelleiro de Monforte de Lemos polo Bloque Nacional Popular Galego (BNG), pero no ano 1985 deixou o seu cargo público, e sen deixar en ningures a súa militancia política, adicouse por completo a súa actividade literaria e cultural, afincándose na Coruña.

Unha das derradeiras campañas coas que colaborou foi con “Burla Negra” e a plataforma “Nunca Máis” a raíz do desastre do Prestige.

REFLEXIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DA SEGUNDA METADE DO SECULO XX

A partir de 1960 prodúcese un conxunto de cambios no ámbito económico e social de Galicia.

A aparición de publicacións como “Grial”, a celebración do “Día das Letras Galegas”, (dese o 1963) a fundación de “Edicións do Castro”, así co mo o rexurdimento de novas asociacións culturais en defensa do idioma galego “O Facho”, “O Galo”, La Asociación Cultural de Vigo, o Ateneo de Ourense...

A universidade galega non quedou á marxe destas inquietudes creando a partir de 1965 a Cátedra de Lingua e Literatura Galega a cargo de Ricardo Carvalho Calero. Seis anos despois naceu o Instituto da Lingua Galega cunha obra investigadora, didáctica, docente, divulgadora e normativizadora desenvolvida ata a actualidade.

A produción literaria galega comenza unha base sólida: “Longa noite de pedra” (1962), de Celso Emilio Ferreiro, representa a liña social e cívica caracterizadora da poesía galega da década dos 60.

Lueiro Rey, Bernardino Graña e Manuel María, nova narrativa galega, Xavier Carro, Carlos Casares etc. son algúns dos autores desta lírica que tenta de conxugar o discurso político co literario.

Nos anos 70 e 80 Galicia pasa de ser un país produtor de poesía a interesar e implicar a moita mais xente na literatura, producindo diversos tipos de ensaio sociolingüista e literario – Basilio losada, Francisco Pillado-, teolóxico e relixioso – Andrés torres Queiruga, Chao Rego-, filosófico –Martínez Marzoa-, histórico – Ramón Villares, Felipe Senén, Xosé Ramón Barreiro, pasando por libros, crónicas políticas, revistas etc.

Co reximen democrático Galicia convertese en Comunidade Autónoma, tendo como linguas oficiais o galego e o castelán.

Paralelamente cunha lexislación reguladora dos usos do idioma, chegabase a elaboración dunha lingua estándar, por riba das diferencias dialectais. O instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega propuseron no ano 1982 as “Normas Ortográficas e Morfolóxicas do idioma galego”, que alcanza un carácter oficial coa promulgación da “Lei de Normalización Lingüística”. A revisión e actualización mais recente destas normas é do ano 2003.

No ano 1981 se aproba o Estatuto de Autonomía que senta as bases dunha recuperación lingüística e cultural.

No ano 1985 creanse a Televisión de Galicia (TVG) e a Radio Galega.

A televisión é unha canle fundamental para manter a presenza da lingua galega nos medios de comunicación audiovisuais e contribuír á súa normalización nese eido, en tanto que a radio ten o mérito de manter un servizo radiofónico monolingüe de calidade e con interese pola cultura propia.

Estes dous medios audiovisuais son referentes no ámbito dos medios de comunicación actuais e presentan índices de audiencia aceptables.

Foi a TVG a que rachou con mais tópicos e prexuízos mostrando as persoas de diversas nacionalidades e épocas falando en galego.

O proceso de normalización non está rematado e a situación da lingua galega sendo a maioritaria entre os galegos e galegas continúa a ser minorizada polo que podemos concluír que a mellora das actitudes cara á lingua non mudou substancialmente os efectos do conflito lingüístico.

O ILGA representa a institución académica máis viva e productiva durante unha década (anos 80) para fornecer de base científica a recuperación da lingua galega e divulgar o seu traballo a nivel social con criterios prácticos.

LUGO

A cidade de orixen romano, foi fundada no ano 25 AC por Paulo Fabio Máximo sendo a mais antiga de Galicia. Construída preto dun castro, recibiu o nome de “Lucus Augusti”.

Ao longo da historia experimentou tanto épocas de abandono como importantes momentos na historia do país, desde a xuntanza no ano 842 dun gran exercito para conquistar Oviedo e entronizar a Ramiro I hasta o pronunciamento do coronel Solís que daría comenzo ao levantamento en 1846 contra o presidente Narváez.

Xeograficamente, a cidade atopase situada sobre unha colina, nunha comarca de montañas redondeadas e non moi altas nas terras do alto Miño e cinguida pola propio Miño e outro ríos.

Seus habitantes chamáanse lucenses ou lugueses. Hoxe Lugo é unha cidade comercial e de servizos, cun campus universitario (USC) especializado en ciencias agrarias (veterinaria, enxeñaría de montes).

Destacan tamén as súas festas como Arde Lucus, que rememora o seu pasado romano e castreño e o San Froilán.

No ano 26 AC chegou a que posteriormente sería Gallaecia un corpo expedicionario romano ao mando de Cayo Antistio Veto para controlar o noroeste establecendose no ano 25 AC dandolle o nome de Lucus Augusta que significaría “El bosque sagrado de Augusto”, aínda que tamén podería ter orixen prerromano baseado na divindade Celta.

DEBUXOS

A mostra consta de 10 carteis que identifican a época e tentan interpretar a súa vida e obra.

Os carteis foron feitos sobre cartolina con ceras brandas, lapis, carboncillo etc.

A realización dos carteis implicou un traballo de investigación na aula por parte dos Mestres, así como do alumnado, manipulativo na realización dos carteis e de traballo dixital na súa postproducción.

Os obxetivos que pretendemos son.

- a) Potenciar a interpretación da vida e da obra de Xosé Fernando Filgueira Valverde.
- b) Coñecer a realidade socio-cultural da época.
- c) Motivar ao estudiantado sobre a investigación dos nosos ilustres devanceiros.
- d) Fomentar a valoración das contribucións individuais e colectivas na dignificación e normalización da lingua galega.
- e) Impulsar a realización de actividades que fomenten a colaboración

interdepartamental e que potencien a implicación de profesorado e alumnado.

- f) Fomentar e difundir unha visión persoal por parte da comunidade educativa sobre a figura de Manuel María Fernández Teixeiro, “Manuel María”.**
- g) Divulgar materiais en lingua galega.**

CARTEL 1

1929 NACEMENTO

Descrición do contexto do cartel

Manuel María Fernández Teixeiro, máis coñecido mpor Manuel María, nace en Outeiro de Rei, Lugo, o día 6 de outubro de 1929.

Seu país eran labradores acomodados, Antonio Fernández Nuñez e Pastora Teixeiro Casanova. No ano 1942 trasládase a Lugo para estudar o bacharelato e mfoi ali onde comenza a súa carreira literaria partipcnado con só 20 anos no ciclo de conferencias “Lóvenes valores lucenses”, entrando tamén en contacto cos integrantes de tertulia do café Méndez Nuñez (Luis Pimentel, Ánxel Fole, Juan Rof Codina...) co puxeron en contacto co galeguismo.

Actividades vinculadas á investigación da figura de Manuel María Fernández Teixeiro.

Situa nun mapa de Galicia a cidade Outeiro de Rei

Di cales son as catro provincias de Galicia

Cita tres cousas de interese en Lugo

Investiga a orixe do nome de Lugo

Actividades vinculadas á investigación de coñecemento do contexto

Completa o seguinte texto:

Manuel _____ Fernández _____ naceu en Outeiro de _____

O día 6 de _____ do ano 192____

Tenta explicar como sería a vida dos habitantes da aldea de Outeiro de Rei nos primeiros anos do século XX.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Tenta facer unha pequena redacción sobre a Galicia agraria.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas.

Debuxa a unha paisaxe de Lugo co río Miño

Tenta facer un plano de cómo sería Lugo dentro das murallas na época do bacharelato de Manuel María.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha pequena redacción de cómo sería a vida en Lugo na época da xuventude de Manuel María.

CARTEL 2

ESTUDOS EN LUGO E SANTIAGO DE COMPOSTELA

Descrición do contexto do cartel

Cursou o bacharelato en Lugo e logo marchou a Santiago de Compostela para realiza-la carreira de Dereito no ano 1951.

Actividades vinculadas á investigación da figura de Manuel María.

Explica como cres que sería a vida dun mozo nos anos 50

Explica como cres que sería a vida cotiá dun estudante universitario en Santiago nos anos 50.

Averigua cales eran os principais lugares de ocio en encontros, tertulias etc., naquela época, en Santiago de Compostela.

Que pensas que significou Santiago e Lugo na vida de Manuel María Fernández Teixeira.

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

Procura información sobre o edificio que albergaba a facultade de Filosofía e Letras, e Dereito nos anos 50 do século pasado.

Busca información sobre o galleguismo dos anos 50 e 60

Indaga sobre a sociedade galega de posguerra.

Actividades que fomenten as destrezas manipulativas

Debuxa a antiga facultade de Filosofía e Letras e Dereito

Debuxa algún edificio representativo de Santiago ou Lugo.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha redacción sobre Santiago de Compostela

CARTEL 3

OBRA

Descrición do contexto do cartel

Entre a súa extensa obra destacamos:

Artigos en xornais

Traballos na Asociación Socio-Pedagoxica de Galicia

Obras poéticas

Obras dramáticas

Actividades vinculadas á investigación da figura de Manuel María.

Fai unha pequena redacción sobre a Asociación Socio-pedagoxica Galega.

Cita alomenos dúas obras de poesía de Manuel María.

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

Enche con vogais e escribe o nome do n persoeiro coñecido de Manuel María: J___N R__F C__RB__LL__

Informate sobre os ríos que pasan por Lugo.

Cal é a distancia entre Coruña e Lugo.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Debuxa a Manuel María.

Debuxa un mapa de Galicia sinalando Coruña, Lugo e Santiago.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha redacción sobre a provincia de Lugo (ciudades mais importantes, tipos de industria .

CARTEL 4

DIA DAS LETRAS GALEGAS

Descrición do contexto do cartel

O día das letras galegas e unha celebración instituída en 1963 pola Real Academia Galega (RAG) para homenaxear a aquelas persoas que salientasen pola súa creación literaria en idioma galego ou pola súa defensa dela.

Cada ano adicase a un persoeiro diferente, escollido pola RAG, tendo en conta que teñen que pasar alomenos 10 anos desde o seu pasamento.

A data de celebración é o 17 de maio de cada ano coincidindo coa publicación de “Cantares Gallegos” de Rosalía de Castro o 17 de maio de 1863.

Actividades vencelladas á investigación de Manuel María

Cales serían os criterios da RAG para homenaxear no ano 2016 a Manuel María.

Pescuda sobre a Real Academia Galega (RAG)

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

Pescuda a quen se adica por primeira vez o día das letras galegas e en que ano.

Todos estes escritores foron homenaxeados o día das letras galegas. Remata de escribir os seus nomes.

G _ N Z _ L _ L _ P _ Z _ _ B _ N T _ _

L _ _ S _ P _ M _ N T _ L

FR _ N C _ S C _ _ Ñ _ N

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Debuxa a Manuel María.

Debuxa a Rosalía de Castro

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha pequena redacción sobre os criterios que ti porías para homenaxear a un escritor o día das Letras Galegas.

CARTEL 5

FUNDACIÓN MANUEL MARIA

Descrición do contexto do cartel

Foi inaugurada o día 7 de setembro do 2013. Esta concebida como un espazo físico para acoller a biblioteca, manuscritos, obxectos personais ou calquera outro feito relacionado con Manuel María e que sirva, ademais como lugar de referencia para dar a coñecer a súa obra e figura entre o pobo galego, e especial entre as novas xeracións.

Os fondos que acolle a casa-museo son de grande significación e singularidade o que lle confire unha relevancia incuestionabel.

Un fondo artístico moi importante, que inclúe obras de Castelao, Urbano Lugrís, Carlos Maside, Laxeiro, Luis Seoane, Alfonso Sucasas, Alfonso Abelenda, Manuel Torres, Blas Loures, Felipe-Senén, Raimundo Patiño, Xavier Pousa, Argüelles, Balboa, Díaz Pardo, Castro Gil etc..

Unha biblioteca que contén unha das mellores coleccións particulares do libro galego ou sobre Galicia desde a posguerra ata a actualidade.

Numerosos documentos manuscritos de persoas relevantes da cultura galega coas que Manuel María mantivo estreita relación: Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro, Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del riego etc.

Actividades vencelladas á investigación de Manuel María

Que cousas pensas que deben de estar metidas dentro dunha casa-museo.

Cal pensas que sería a liña didáctica a expositiva e a evocativa da Casa-museo.

Actividades vinculadas ao coñecemento do contexto

Que pensas que pode aportar a Casa-Museo a cultura galega.

Pescuda o que é unha fundación

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Debuxa a casa-museo de Manuel María

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha redacción, se fuches algunha vez a unha Casa-museo, e se nunca fuches sobre algún museo que visitarás.

CARTEL 6

RECUPERACIÓN CULTURAL

Descripción do contexto do cartel

Nos anos sesenta e setenta atende aos chamamentos e peticións que lle chegan de todas as organizacións que traballan pola recuperación cultural. Así, diu conferencias, recitou poemas e presentou a Nova Canción Galega.

A súa obra literaria multiplicábase de acordo cos novos tempos, ensaio, narrativa e teatro, sen abandonar a poesía.

A partir da década dos oitenta a súa poesía acadou unha expresión máis íntima e humanista.

Actividades vencelladas á investigación de Manuel María.

Escrebe o nome da súa primeira obra.

Fai un acróstico co seu nome.

Actividades vinculadas ao coñecemento do contexto

Explica como se fai un libro

Cal é a diferenza entre prosa e verso

Que son escritos inéditos.

Cita unha obra de Manuel María e fai unha pequena psinose.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Tenta debuxar un concertó de música.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha pequena redacción sobre a nova Canción Galega

CARTEL 7

ASOCIACION DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA

Descrición do contexto do cartel

Foi fundada no ano 1980 por algún dos escritores mais sobranceiros da nosa historia literaria e dela forón membros Álvaro Cunqueiro, Rafael Dieste, Ánxel Fole, Ricardo Carballo Calero, Uxío Novoneyra, Antón Avilés de Taramancos, Manuel María, Xela Arias e Luisa Villalta, entre outros.

A AELG agrupa autores e autoras residentes tanto en Galicia como forá dela, asumindo como único requisito de afiliación a condición de contar cando menos cun libro individual publicado en lingua galega.

A asociación realiza unha serie de encontros anuais que forman parte da súa tradición , como é o “homenaxe ao escritor na súa terra” dedicada a sobrancear a traxectoria dun autor ou autora das nosas letras e na cal se planta unha árbore, se erixe unha pedra escultórica e se lle dedica unha rúa ou praza na súa terra natal.

Actividades vencelladas a investigación de Manuel María

Pescuda quen é o actual presidente da AELG

Busca nesta sopa de letras 3 obras poeticas de Manuel María

AURTOPGJAL

YHREMOLHNY

ADVENTONNC

RGHNBVDVRLC

RGSATURNOB

Actividades vinculadas ao coñecemento do contexto

Escribe o nome da primeira obra de Manuel María

No ano 1973 publicou 4 obras poeticas, escribe alomenos o titulo dunha.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Debuxa a bandeira de Galicia.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha pequena redacción sobre o AELG.

CARTEL 8

TERTULIANO

Descrición do contexto do cartel

No ano 1998 Manuel María e a súa muller, Saleta Gori, trasladan a súa residencia a cidade de A Coruña, onde pasan os seus últimos anos e onde manterá unha tertulia na cafetería “Kirs”.

Manuel María falece o día 8 de setembro de 2004.

Actividades vencelladas á investigación de Manuel María

Conta o que é unha tertulia.

Que tipo de persoas estarían na tertulia de Manuel María.

Actividades vinculadas ao coñecemento do contexto

Porque pensas que a RAG adicoulle o día das letras galegas 2016.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Debuxa unha tertulia

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha pequena redacción sobre a historia da RAG.

CARTEL 9

POLITICO

Descrición do contexto do cartel

No ano 1979 foi elixido concelleiro do concello de Monforte de Lemos polo Bloque Nacionalista Galego (BNG), cargo que abandonou no ano 1985, aínda que nunca deixou a súa militancia política, para adicarse por completo a súa actividade literaria e cultural, afincándose na Coruña.

Unha das derradeiras campañas nas que colaborou foi en Burla Negra e na plataforma Nunca Máis a raíz do desastre do petroleiro Prestige.

Actividades vencelladas á investigación de Manuel María.

Pescuda o que é un Concelleiro.

Di cales son as actividades que realiza un Concello.

En que anos foi concelleiro.

Actividades vinculadas ao coñecemento do contexto

pescuda cales foron os persoaxes cos que tivo relación de carácter literario e intelectual.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Debuxa o afundemento do Prestige.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Dí o nome do actual alcalde de Monforte

Escribe unha carta a Manuel María preguntandolle polo seu compromiso social.

CARTEL 10

ESCRITORES DE POSGUERRA

Descrición do contexto do cartel

O primeiro texto publicado en lingua galega despois da guerra civil foi a zarzuela ¡non chores Sabeliña! (1943) de José Trapero Pardo, o seguinte foi o poemario de Aquilino Iglesia Alvariño “Cómaros Verdes” (1947).

En poesía suliñamos a laboura literaria de Emilio Pita, Luis Seoane e Lorenzo Varela.

En narrativa novelas de Silvio Santiago e Ramón Valenzuela.

A situación da literatura galega comenza a cambiar a partir de 1950 ca constitución da Editorial Galaxia.

Actividades vencelladas á investigación de Manuel María

Cales foron os escritores mais destacados da xeneración de posguerra.

Cal foi o escritor que mais influíu na obra de Manuel María

Cando cres que empezaron as publicacións en galego.

Cal foi a xeneración de escritores anterior a esta.

Actividades vinculadas ao coñecemento do contexto

Pescuda cal foi a primeira obra escrita en galego despois da guerra civil.

Pescuda sobre Editorial Galaxia.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

fai un debuxo sobre o día das letras galegas para facer un marcapaxinas.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha pequena redacción sobre a xeneración de escritores de posguerra.

Referencias bibliográficas.

Gran enciclopedia galega

Biblioteca virtual galega

Páx. Do concello de Lugo

Páx da Real Academia Galega

Wikipedia.

